As Paisaxes



Curso: As paisaxes das Fragas do Eume



Francisco Castillo Rodríguez.

BY NC SA

"Cada lugar ten a súa xeografía, cada xeografía ten a súa esencia, cada esencia pode producir unha historia, e cada historia pode xenerar unha nova paisaxe".

Virilio, P. (2000): A Landscape of Events.

A PAISAXE



Miradas

"A metade da beleza depende da paisaxe e a outra metade da persoa que o contempla"

DESCUBRIR.



A mirada do rapaz… **EMOCIONAL**

Interpreta de forma **intuitiva**… sensorial primaria

EXPERIENCIA ESTÉTICA

A mirada do artista…

Re-crea… o que percibe

EXPERIENCIA INTELECTUAL

A mirada técnica–social

Que aprehende, comprende
- Compoñentes
- Estruturas
- Dinámicas

Que interpreta e valora
- Cores/Tramas/Formas
- Natural/Artificial
- Antigo/Novo
- Cambio/Permanencias



©Manuel Borobio Sanchiz

1 A paisaxe como obxecto de coñecemento

"A paisaxe produce máis discursos que métodos".
G. Bertrand

Pensar a paisaxe

I. TEMPOS DE RENOVACIÓN



I. Pensar a paisaxe.

O NACEMENTO DUN CONCEPTO

ONTOLOXÍA

Representación pictórica do país, do territorio: A paisaxe

Paisaxe
Paisaje
Paisatge
Paysage
Paesaggio

PEJZÂGO

Landscape
Landschaft
Landschap
Landskab
Landslag



Johannes Vermeer: Vista de Delft 1660-1661

Robert Estienne, (1549)

Hendrick Goltzius (1558-1617)

I. Pensar a paisaxe.

O NACEMENTO DUN CONCEPTO

CONCEPCIÓN ARTÍSTICO-PICTÓRICA DO MUNDO VISIBLE

PENSAR

1. ***Extensión de terreo que se alcanza coa vista***, *xeralmente considerada no seu aspecto artístico.*

   Sin. panorama , vista .

2. ***Pintura ou debuxo*** *que representa esta extensión de terreo*

3. ***Aspecto*** *característico dun determinado* ***espazo xeográfico***.

R.A.G.



A Costa. Ferreiroa. Agolada

I. Pensar a paisaxe.

A EVOLUCIÓN DO CONCEPTO

A paisaxe é a obra de arte máis antiga e colectiva. A natureza puso o bastidor e a tarefa humana está a sobreponer capas, que á súa vez a natureza volve a repintar cos seus mohos e verdines…(**Riesco Chueca**)

A PAISAXE

Un significado meramente escenográfico?

PENSAR



I. Pensar a paisaxe.

A MIRADA CONTEMPORÁNEA

"É em nós que as paisagens tem paisagem".
F. Pessoa

A PAISAXE



© Fonte: POL Xunta

I. Pensar a paisaxe.

DIVERSOS SIGNIFICADOS

"A paisaxe constrúese, construimola, constrúenos".
G. Bertrand.

A PAISAXE

PENSAR

Un significante cheo de significados





I. Pensar a paisaxe

CONCEPTO DUAL -MATERIAL E INTANGIBLE-

ESTUDO

*A paisaxe é un **obxecto dual**: material e estético, que reclama **múltiples miradas**, sentidos e escalas de análise.*



I. Pensar a paisaxe.

COMPLEXIDADE CONCEPTUAL

ESTUDO

HERMENÉUTICA



Realidade material

Fenosistema

Artefacto cultural

Criptosistema

I. Pensar a paisaxe.

COMPLEXIDADE CONCEPTUAL

HERMENÉUTICA

TERRITORIO
A REALIDADE MATERIAL TANXIBLE

Sistema físico-ecolóxico
Sistema socio-económico





Experiencia perceptiva
Experiencia intelectual

O territorio contén os códigos na súa manifestación formal que activan as respostas do observador

RESPOSTAS CONDICIONADAS **SOCIAL E CULTURALMENTE**

I. Pensar a paisaxe.

MULTIDIMENSIONAL



I. Pensar a paisaxe.

MULTIESCALAR

HERMENÉUTICA -A MULTIESCALARIDADE-

ESTUDO



DISTINTAS ESCALAS_DISTINTAS MIRADAS
Unha esixencia da análise

I. Pensar a paisaxe.

A MESTIZAXE DE COÑECEMENTOS

"A interdisciplinariedade é un proceso e unha filosofía de traballo que entra en acción á hora de enfrontarse ós problemas"
Torres Santomé

ESTUDO

MÉTODOS

A interdisciplinariedade como vía de acceso





A paisaxe posúe un enorme potencial como concepto unificador para la investigación europea en materia de medio ambiente y territorio.

Fundación Europea da Ciencia. Informe co motivo do 10º aniversario do CEP

MÉTODO

2

“A paisaxe produce máis discursos que métodos”.
G. Bertrand

A paisaxe como obxecto de dereito

A PAISAXE

II. TEMPOS DE RENOVACIÓN



II. O seu recoñecemento xurídico

O CONVENIO EUROPEO. NOVOS TEMPOS

DEREITO



CARTA DE FLORENCIA

CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE (CEP)

Congreso de Poderes Locales y Regionales del Consejo de Europa . Resolución 256/94

EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE

COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

II. O seu recoñecemento xurídico

O CONVENIO EUROPEO. NOVOS TEMPOS

A PAISAXE

DEREITO



CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE (CEP)

Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa . Resolución 256/94

EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE

COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

II. O seu recoñecemento xurídico

FUNDAMENTOS DO CONVENIO

Conciencia ambiental

Necesidade de preservar determinados espazos
Fenómeno *contemporáneo*

Calidade de vida

Dereito da cidadanía ao seu *disfrute*
Indicador da *calidade de vida*
Compoñente esencial do *benestar*

Patrimonio cultural e natural

Ben escaso e ameazado
Marco vital de toda persoa
Conforma e reflicte a identidade da sociedade

Recurso económico de amplio recorrido



EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE

COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

O DEREITO Á PAISAXE. O VALOR SOCIAL DA PAISAXE

"PAISAXE E CALIDADE DE VIDA"

BENESTAR

RECURSO

COMPOÑENTE PATRIMONIAL

CULTURAS IDENTIDADES



II. O seu recoñecemento xurídico

BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

DEREITO

CALIDADE

VIDA



CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE (CEP)

Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa . Resolución 256/94

EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE

COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

II. O seu recoñecemento xurídico

O SEU VALOR SOCIAL


LA VANGUARDIA | Vida

Motociclismo La carrera de MotoGP del Gran Premio de Holanda, en directo

Las áreas verdes mejoran el bienestar, pero pocas ciudades resaltan este valor

- Las zonas verdes dan relax y reducen estrés aunque las ciudades suspenden el examen
- El 55% de las capitales tiene menos de 10 m2 de zona verde por persona

ANTONIO CERRILLO


CARDIOLOGÍA

Vivir cerca de parques y jardines protege nuestro corazón

Un estudio señala que aumentar la cantidad de vegetación en un vecindario puede ser una intervención de sa potencialmente importante

Vivir cerca de parquesy jardines reducereducía la carga de trabajo del corazón - Archivo

Un estudio concluye que vivir cerca de parques y jardines reduce el riesgo de cáncer de mama

El cáncer de mama, el más común entre la población femenina y que causa más muertes entre las mujeres, se podría ver reducido en aquellas mujeres que vivan cerca de espacios verdes urbanos, tal y como confirma un estudio del Instituto de Salud Global.

Un estudio del Instituto de Salud Global de Barcelona (ISGlobal), impulsado por la Fundación Bancaria 'la Caixa', confirma que las personas que viven cerca de espacios verdes urbanos, como parques y jardines, tienen menos riesgo de padecer cáncer de mama.


INVESTIGACIÓN Y CIENCIA

VEJEZ | ACTUALIDAD

12 de abril de 2017

Los espacios verdes urbanos favorecen el bienestar mental

El cerebro de las personas mayores responde de modo diferente a las áreas verdes de la ciudad que a las zonas edificadas.

Pasear por los espacios verdes de la ciudad beneficia el estado de ánimo de las personas mayores. Este efecto no solo se refleja en las respuestas de los propios beneficiados, sino también en la actividad de su cerebro. Según han comprobado investigadores de las universidades de York y Edimburgo,

DATA SALUD IMPULSAMOS LA INVESTIGACIÓN EN SALUD BASADA EN DATOS

SOBRE DATA SALUD ARTÍCULOS ESTUDIOS

LAS ZONAS VERDES CONTRIBUYEN A MEJORAR LA SALUD DE LOS CIUDADANOS

os árboles ayudan a reducir la contaminación en las ciudades

as zonas con espacios verdes mejoran el confort térmico de los ciudadanos

anitas tiene en marcha el proyecto *Healthy cities* para lograr ciudades más sanas y sostenibles

egetación puede evitar más de 3.600 casos de asma y 4.000 síntomas respiratorios agudos en la ciudad de Madrid, según los datos de un idio realizado por el Ayuntamiento de Madrid. El análisis demuestra que **los árboles contribuyen de manera importante a la reducción a contaminación que es uno de los principales problemas de las ciudades: absorben más de 673 toneladas al año**.

s estudios también han demostrado los beneficios que tiene en la salud dotar de zonas verdes las áreas urbanas. Uno de ellos es el arrollado por el Instituto de Salud Global de Barcelona (ISGlobal) que señala que los niños que crecen rodeados de más espacios verdes entan mejoras de la capacidad de atención.

EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE
COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

II. O seu recoñecemento xurídico

O SEU VALOR SOCIAL

A paisaxe debe ser incluido na “revolución cultural tranquila” que coloque a saúde no centro das políticas públicas.






Plan Especial Río Manzanares, Madrid






Grand Parc Miribel Jonage, Lyon






Phoenixsee, Dortmund

II. O seu recoñecemento xurídico

UNHA DEFINICIÓN DE CONSENSO

"Calquera parte do territorio tal e como

é percibida polas poboacións,

cuxo carácter resulta da acción dos

factores naturais e humanos e da súas interrelacións".

Artigo 1.a do CEP



DEREITO

II. O seu recoñecemento xurídico

A TERRITORIALIDADE DAS PAISAXES.

TODAS





DESPRAZAR A MIRADA DESDE O SINGULAR ATA O COTIÁ

BY NC SA

II. O seu recoñecemento xurídico

AS PAISAXES ORDINARIAS_ESCENARIOS DA VIDA

Todas as paisaxes…

PAISAXES

TODAS



Desde as excelsas ata…

EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE
COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

BY NC SA

II. O seu recoñecemento xurídico.

AS PAISAXES ORDINARIAS_ESCENARIOS DA VIDA

POBOACIÓNS

BENESTAR



…AS COTIÁS…

II. O seu recoñecemento xurídico

A PARTICIPACIÓN SOCIAL-GOBERNANZA EFECTIVA

GOBERNANZA



"A paisaxe vivida"



"A paisaxe desexada"

CIDADANÍA

II. O seu recoñecemento xurídico

SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

Culturas paisaxeras
A. Berque, 2009

CULTURA

SENSIBILIZACIÓN

técnicos





sociedade







DIÁLOGO

EUROPEAN LANDSCAPE CONVENTION
CONVENTION EUROPÉENNE DU PAYSAGE
COUNCIL OF EUROPE
CONSEIL DE L'EUROPE

II. O seu recoñecemento xurídico

INCORPORACIÓN NOS CURRÍCULA E FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS



A PAISAXE NAS AULAS



3

"A educación é a chave coa que a ciudadanía, titular e depositaria do dereito á paisaje, pode acceder ao seu uso e disfrute"

Joan M. del Pozo, 2011

A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

A PAISAXE

III. TEMPOS DE RENOVACIÓN



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

LECTURA GLOBAL



É necesario un cambio de mirada para favorecer unha **lectura global e integrada** dos nosos lugares

A paisaxe **non é un tema disciplinar** que poida ser engadido ou axustado a outros temas,

é consustancial.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

OBXECTO E ESCENARIO PARA O DESENVOLVEMENTO COMPETENCIAS CLAVE



A paisaxes, como **punto de encontro** entre natureza e cultura
constitúe un valor necesario na existencia humana.
É por tanto universal.

NOS EIDOS QUE NOS CONSTRÚEN COMO PERSOAS SOCIAIS

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

COMPETENCIA MATEMÁTICAS E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E **TECNOLOXÍA-** **EIDO RACIONAL**

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA – **EIDO ÉTICO E SOCIAL**

COMPETENCIA CULTURAL E **ARTÍSTICA-** **EIDO ESTÉTICO**

COMPETENCIA LINGÚÍSTICA **-** **EIDO COMUNICATIVO**

COMPETENCIA DIXITAL **-** **EIDO CARTOGRÁFICO**

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS: A MESTIZAXE DE COÑECEMENTOS

MESTIZAXE DE COÑECEMENTOS







CENTRO DE INTERESE

ENCONTRO

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

PROXECTOS CREATIVOS E INTERDISCIPLINARES

CENTRO DE INTERESE

Excelente ocasión para a experimentación nas metodoloxías e na xestión de aula, a partires de **proxectos interdisciplinares** e **tarefas contextualizadas (As Fragas).**





III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

METODOLOXÍAS: APRENDIZAXES CREATIVAS

APRENDER **CREANDO…**



…A[illegible]VÉS DE **ACTIVIDADES CENTRADAS NELES / AS…**

…**TRABALLO COOPERATIVO**…DESDE **O NOSO LUGAR** CARA O MUNDO…..



…SEXAN QUEN **DE MOBILIZAR EMOCIÓNS**…

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

METODOLOXÍAS: A PAISAXE E A SUSTENTABILIDADE

Afondar nas claves do **Desenvolvemento Sustentable**,
no equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o medio ambiente







III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

A PAISAXE E A SUSTENTABILIDADE: OS ODS E AXENDA 2030

- Repensar las ciudades
- Repensar cómo comemos
- Repensar cómo nos movemos y vivimos
- Repensar el uso de la tierra
- Repensar la fabricación
- Repensar los minerales y los materiales
- Uso más inteligente de materiales
- Uso de recursos



Fuente:
Azote Images para el Stockholm Resilience Centre
"How food connects all the SDGs"

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

O TRABALLO DE CAMPO. APRENDER NA PAISAXE

"Coñecer é saír alá fora, ir en pos do mundo e abrázalo".
Alexander V. Humboldt

TRABALLO DE CAMPO

O traballo de campo eríxese nun **procedemento de referencia**



A paisaxe é un libro que se le cos pés.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

A SIGNIFICATIVIDADE DAS APRENDIZAXES EN CONTEXTOS REAIS



ESPAZOS DE APRENDIZAXE





III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

A PAISAXE A TRAVES DA CARTOGRAFÍA. A COMPETENCIA DIXITAL

IMAXE



Escenarios de aprendizaxe que **integren de xeito natural as ferramentas TIC**.

Hoxe dispoñemos de múltiples recursos para achegarnos ás paisaxes a través das **imaxes e da cartografía dixital.**



DIXITAL



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

O CURRÍCULUM

En Galicia, a lei 7/2008 de 7 de xullo de protección da Paisaxe de Galicia, insta ao "**fomento e á incorporación da materia de paisaxe nos distintos ciclos educativos**".

VALORES

Bloque 1. **As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías.**

Bloque 2. **A paisaxe como produto social. As dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución.**

Bloque 3. **O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles.**

Bloque 4. **Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía.**

COMPETENCIAS

PAISAXE E SUSTENTABILIDADE. MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA







III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

A ESTRATEXIA CURRICULAR

Secuencia	Aproximacións	Rutinas-dimensións	Escalas	Estratexias	Destinatarios
NIVEL 1					**Infantil-1ºC P**
Descubrir	Espontánea	Experiencia Sensorial-Emocional	**A miña paisaxe**	**Descubrimlento/ creatividad**	
NIVEL 2					**Primaria**
Ler a paisaxe	Análitica	Estática (horizontal)	**Local**	**Exploratorias**	
	Descriptiva	Elementos		Saídas guiadas	
Identificar-caracterizar				**Método científico**	
	Clasificatoria	Propiedades			
NIVEL 3					**Secundaria**
Interpretar el paisaxe	Interpretativa	Relacional (vertical)	**Local-global**	Interpretativas	
"A paisaxe por dentro"	Relacional	Factores		**Método científico**	
		Multicausalidad		Problemas significativos e contextualizados	
		Inter-elementos		**Deductivo**	
		Espaciales-topológicas			
NIVEL 4					**2º ciclo Sec-Bach**
	Holística	Sistémica (3-D)	Local-global	**Resolutivas**	
Comprender a paisaxe		Dinámicas-sincrónicas			
As dinámicas da paisaxe		Multiescalaridade		**Síntesis**	
	Evolutiva	Diacrónica-Eidos do tempo			
NIVEL 5					**Bach-Ciclos**
Valorar/gestionar a paisaxe	Integradora	Proxectual	Local	Propositivas	
O valor da paisaxe				Creatividade	

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 1. **DESCUBRIR A PAISAXE**

A DIMENSIÓN AFECTIVO-SENSORIAL

"A paisaxe é un estado da alma".
Henri. F. Amiel

"A nosa existencia constrúese con pausas, con momentos nos que detenémonos a ollar o espectáculo do mundo e descubrir o seu sentido, as relación intensas e ancestrais do ser humano cos seus lugares".
E. Turril





...A PAISAJE COMO EXPERIENCIA MULTISENSORIAL.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VIAS DE ABORDAXE. NIVEL 1. **DESCUBRIR A PAISAXE**

A DIMENSIÓN ESTÉTICA. UNHA PORTA Á CREATIVIDADE.

Pintores da paisaxe, **poetas**, **fotógrafos** da paisaxe…ELES/AS…



…**das SÚAS PAISAXES…**



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VIAS DE ABORDAXE. NIVEL 1. **DESCUBRIR A PAISAXE**



https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/caderno-de-campo-dixital

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VIAS DE ABORDAXE. NIVEL 1. **DESCUBRIR A PAISAXE**

A DIMENSIÓN ESTÉTICA. UNHA PORTA Á CREATIVIDADE.

Mapas de emocións











Arriba: Análisis visual del futuro Parque desde el arroyo de la Gavia
Abajo: Análisis visual del futuro Parque desde el camino de Valdecarros

On top: Visual analysis of the future Park from the Gavia Stream
At the bottom: Visual analysis of the future Park from the Valdecarros Path

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VIAS DE ABORDAXE. NIVEL 1. DESCUBRIR A PAISAXE

A DIMENSIÓN ESTÉTICA. UNHA PORTA Á CREATIVIDADE.



ELEMENTOS VISUAIS: Forma, liña, cor, textura.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VIAS DE ABORDAXE. NIVEL 1. DESCUBRIR A PAISAXE

A DIMENSIÓN ESTÉTICA. UNHA PORTA Á CREATIVIDADE.

IMAXE

Elementos básicos



DEBUXO

Elements of visual Design in the landscape (Simon Bell, 2004)

Punto

É unha referencia, nunha paisaxe vacía, unha árbore ou edificio poden ter un enorme efecto visual



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 1, DESCUBRIR A PAISAXE

A DIMENSIÓN ESTÉTICA. UNHA PORTA Á CREATIVIDADE.

IMAXE

Elementos básicos



Líña,

Na paisaxe, as líñas poden representar cursos de auga, troncos de árboles, líndes, mosaico parcelario, skyline, o estrato xeolóxico, carreteras, límites de propiedade…

DEBUXO

Fonte: Elements of visual Design in the landscape (Simon Bell, 2004)


Texturas


Mosaico de cores.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 1, DESCUBRIR A PAISAXE

A DIMENSIÓN ARTÍSTICA. AS OUTRAS MIRADAS



Johannes Vermeer: Vista de Delft 1660-1661



Mondoñedo. Torres Martinez (1901-1995



Luís Seoane (1910-1979)



Luís Seoane (1910-1979)





Carlos Maside (1897-1958)

© Fonte: Guía EEIP Xunta

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 1, DESCUBRIR A PAISAXE

A DIMENSIÓN ARTÍSTICA. AS OUTRAS MIRADAS

CINEMA

LITERATURA

PINTURA

FOTOGRAFÍA

A EXPRESIÓN DA PAISAXE

En Galicia, a cultura e a sociedade comezaron ollar para a paisaxe co Romanticismo, no século XIX. Este acadou unha expresión orixinal co Rexurdimento, que é o nome co que se coñece o movemento de rexeneración da vida e da cultura galegas que tivo lugar nese século. Isto implicou, entre outras consecuencias, o xurdimento do galeguismo e o agromar da literatura galega contemporánea.

Rosalía de Castro (1837-1885) tivo un papel central. Un dos seus máximos obxectivos foi dignificar o pobo e a lingua de Galicia, que estaban daquela menosprezados. Rosalía situou a paisaxe nesa estratexia. O prólogo a *Cantares gallegos* (1863) non pode ser máis transparente.

> *Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azues e serenos com'os d'Italia, horizontes nubrados e malencónicos anque sempre hermosos com'os tan alabados da Suíza; ribeiras apacibres e sereniñas, cabos tempestuosos qu'aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera... mares imensos... ¿que direi máis? non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores; os montes cheios de pinos, de robres e salgueiros; os lixeiros ventos que pasan; as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaíños, vran e inverno, xa polos risoños campos, xa en profundas e sombrisas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos iñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, qu'inda os mesmos que poideron contemprar tanta hermosura (xa non falamos dos que se buiran de nós sin que xamais nos haian visto nin aínda de lonxe, que son os máis) inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias qu'ofrece, atrevéronse a dicir que Galicia era... ¡un cortello inmundo!!...*
>
> **Rosalía de Castro** (1863): **Cantares Gallegos**
> Edición de María Xesús Lama (1995). Galaxia

Rosalía loitou contra as persoas que consideraban Galicia un "cortello inmundo", para o que creou unha imaxe positiva da paisaxe rural. Transmitiu, deste xeito, unha paisaxe doce, agarimosa, amable, maternal, etc.

Esta forma de ollar Galicia tivo moito éxito, ata o punto que se pode afirmar que a paisaxe galega é unha paisaxe rosaliá. Galicia é aínda hoxe frecuentemente fotografada, pintada, filmada, relatada, imaxinada, explicada, promocionada... dun modo que nace con Rosalía de Castro. De feito, Galicia xa non é na actualidade un territorio rural. No entanto, segue a proxectarse unha visión na que prima a ruralidade herdada do pasado.

Na literatura, a imaxe rosaliá da paisaxe foi en certo xeito continuada e profundada por Ramón Cabanillas (1876-1959), Otero Pedrayo (1888-1976), Álvaro Cunqueiro (1911-1981), Manuel María (1929-2004), amais de autores de literatura xuvenil contemporánea como Agustín Fernández Paz (1947), Antón Cortizas (1954) ou Marilar Aleixandre (1947), entre moitos outros.

Na pintura, un fillo de Rosalía foi unha das figuras que primeiro representou a expresión da paisaxe nestas claves: Ovidio Murguía (1871-1900). Outros pintores nacidos a finais do s. XIX ou principios do s. XX como Francisco Llorens (1874-1948), Carlos Sobrino (1885-1970), Carlos Maside (1897-1957) ou Manuel Colmeiro (1901-1991) converteron a paisaxe galega no centro da creación pictórica, cunha reivindicación desacomplexada da ruralidade como celme da identidade do país.

Manuel Colmeiro. Paisaxe (1971)



Pintores como Castelao (1886-1950) e Seoane (1910-1979) representaron tamén a Galicia rural, xa no s. XX. Coas súas paisaxes procuraron espertar a consciencia política e social de Galicia.

Non é casualidade que o cinema galego dese os seus primeiros pasos filmando no rural, con *Mamasunción* (1984) ou *Sempre Xonxa* (1989) de Chano Piñeiro (1954-1995). A paisaxe rural segue protagonizando a creación contemporánea, tanto nas películas de animación (*O bosque animado*, 2001; *O Apóstolo*, 2012) coma na filmografía comercial -por exemplo, a de Ignacio Vilar, con *Pradolongo* (2008) e *Vilamor* (2012).

Mamasunción (1984)



Sempre Xonxa (1989)



Vilamor (2012)



O Apóstolo (2012)



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

"Semiótica da paisaxe: non é necesario comprender todas as palabras para acadar o seu sentido"



VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

A DIMENSIÓN FÍSICO-ECOLÓGICA





NEXO ENTRE NATURALEZA Y CULTURA. COMO SISTEMA COMPLEJO.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

A DIMENSIÓN FÍSICO-ECOLÓGICA



O mundo do visible

Elementos estructurais. O xeosistema









A raiz da paisaxe

As xeoformas constituen a variabl que determina de manera primaria a variabilidade da paisaxe e a súa especialización textural

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

NIVEL ANALÍTICO: ELEMENTOS E PROPIEDADES-ATRIBUTOS.

MATRIZ BIOFÍSICA. A DIMENSIÓN FÍSICO-ECOLÓGICA

ESTRUTURA ABIÓTICA.

Miramar de Baixo

Os Rubidos

Ortigueira

O Porto de Espasante

A Garita

Cariño



Imagen 16. Parcelas

Imagen 17. Vegetación natural

Imagen 18. Plantación de castaños

Imagen 19. Matorral

TECTÓNICA

PATRIMONIO XEOLÓXICO









LITOLOXIA (Resistencia procesos erosivos/permeabilidade/ estabilidade)

Paisaxes Graníticas



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

NIVEL ANALÍTICO: ELEMENTOS E PROPIEDADES-ATRIBUTOS.

MATRIZ BIOFÍSICA. A DIMENSIÓN FÍSICO-ECOLÓGICA

MEDIO BIÓTICO

ESTRUTURA BIÓTICA.



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

Elementos texturais

A DIMENSIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL









III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

A DIMENSIÓN HISTÓRICO-CULTURALESTÉTICA..

A NOSA MEMORIA



COMO DEPOSITARIO DA MEMORIA COLECTIVA. REFERENCIAS E CÓDIGOS EVOCACIÓN-NARRACIÓNS

A realidade material activa procesos cognitivos que evocan identidades nas que nos recoñecemos

A DIMENSIÓN DINÁMICA. A PAISAXE É CAMBIO



A PAISAJE É UN CONTINUO
NO QUE É IMPOSIBLE DETER
AS SÚAS DINÁMICAS

ESTA É A SÚA MAIOR RIQUEZA



Ponte dos Cabalos. Gurgueiro A Golada

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 2, **LER A PAISAXE**

A DIMENSIÓN PATRIMONIAL..

A dimensión patrimonial da paisaxe. A protección dun ben colectivo.

O NOSO PATRIMONIO VERNÁCULO NON SÓ É HERENCIA DO PASADO.



A Penela. Esperante. A Golada

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 3, **INTERPRETAR A PAISAXE**



FUNCIÓNS E RELACIÓNS na
CO-EVOLUCIÓN DAS PAISAXES COMO SISITEMA SOCIO-ECOLÓXICOS

“Nada na paisaxe cambia ó mesmo tempo, á mesma velocidade e no mesmo sentido” (M. Santos, 1978)

Pedazos de tempo





Un palimpsesto







III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 4, **COMPRENDER E VALORAR A PAISAXE**

A DIMENSIÓN ÉTICA..

Otorgación de valores.

Cada paisaxe é único e irrepetible, polo que os métodos de comprensión son tamén únicos

O acerto residirá **no axeitado recoñecemento dos seus**

valores





Carmoega. A Golada

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 4, **COMPRENDER E VALORAR A PAISAXE**

A PAISAXE COMO RECURSO



A PAISAXE COMO ACTIVO ECONÓMICO E RECURSO PATRIMONIAL DE ENORME VALOR PARA A COMPETITIVIDADE DOS TERRITORIOS.

RECURSO DELICADO FRÁXIL DIFÍCIL DE XESTIONAR , AÍNDA QUE CLAVE PARA CONSOLIDAR CALQUERA OFERTA DE DESENVOLVEMENTO

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 4, **COMPRENDER E VALORAR A PAISAXE**

VALORES TANXIBLES



BASEADOS NA ESTRUTURA XEO-ECOLÓXICA.
Xeoprocesos. Ciclos bioxeoquímicos
Variabilidade climática

BASEADOS NA ESTRUTURA SOCIO-ECONÓMICA
Formas de organización. Estruturas produtivas.
Evolución cultural

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 4



VALORES INTANXIBLES

- SIMBÓLICOS
- RELIGIOSOS
- IDENTITARIOS

- RIQUEZA TOPONIMIA
- GRAO CULTURIZACIÓN







III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

VÍAS DE ABORDAXE. NIVEL 4, **COMPRENDER E VALORAR A PAISAXE**

" O esencial é invisible ós ollos".
Antoine de Saint-Exupéry

... O CARÁCTER DA PAISAXE. A ESENCIA DOS LUGARES



III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

BOAS PRÁCTICAS



12 meses, 12 paisaxes. Unha fiestra ao territorio (Galicia, España)

Experiencia seleccionada no Concurso de Boas Prácticas patrocinado por ONU _Dubai en 2014, e catalogada como **GOOD**. (Best Practices Database)

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

BOAS PRÁCTICAS





PASO A PASO

PASO 1.

DESCUBRIR EL PAISAJE A TRAVÉS DE LOS SENTIDOS. QUÉ SIENTO Y QUÉ OBSERVO

El paisaje solo existe en el momento que se observa y se experimenta. Hay muchos factores que pueden influir en nuestra forma de percibir los paisajes. Entre ellos, a parte de nuestro estado de ánimo, la hora del día, la estación del año, las condiciones meteorológicas y, por supuesto, la idea que tenemos de ellos desde nuestros recuerdos, en nuestra memoria, en la propia cultura.

Costa de Cabo de Gata. Francisco Castillo Rodríguez



PASO A PASO

PASO 2.

IDENTIFICAR Y CARACTERIZAR LOS ELEMENTOS DEL PAISAJE

Vamos a avanzar un poco más. A continuación, queremos clasificar todos esos elementos que hemos dibujado y explicar el por qué de sus formas actuales. En cualquier paisaje podemos identificar elementos diversos que son fruto de las dinámicas naturales y antrópicas.

Existe un primer gran grupo de elementos integrado por las formas del relieve, los suelos y los ríos, arroyos o barrancos. Todos estos elementos se ven influidos por las condiciones climáticas reinantes. El clima es un factor decisivo a la hora de esculpir las formas del relieve, establecer los tipos de suelos o regular el caudal de los ríos. Este control del clima se ejerce a través de los cambios de temperatura y de la precipitación, es decir, de la disponibilidad de agua en el ecosistema. El agua que circula sobre la superficie terrestre tiene una enorme capacidad de erosión, ya que es capaz de disolver y arrastrar ingentes cantidades de materiales. Es el gran escultor de la naturaleza. El agua discurre sobre la piel del planeta como venas y arterias de vida. Es la «infraestructura azul» del paisaje.

El relieve y el resto de elementos «no vivos» que podemos reconocer en cualquier tramo de costa se modifican a ritmos extremadamente lentos; a los «tiempos de la tierra». Son los llamados «elementos estructurales» y conforman el soporte del paisaje. Sobre él, la trama de la vida se instala manifestándose en todas sus formas.

Mónsul, Cabo de Gata, Almería.

III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

BOAS PRÁCTICAS





III. A paisaxe como obxecto de aprendizaxe

BOAS PRÁCTICAS



BY NC SA

PARTE 1
BLOQUE 1



FALAMOS DA PAISAXE ?

Falamos! E, ademais, facémolo acotío. Cando saímos ao campo unha fin de semana e describimos unha bisbarra rural, cando visitamos como turistas unha cidade distinta á que vivimos e lemos sobre ela, cando ollamos unha postal que nos manda alguén desde lonxe, cando imos cada mañá da casa cara ao instituto e observamos como un edificio antigo é derrubado, aparece un soar e logo unha obra transfórmao de novo... en todas esas ocasións, falamos de paisaxe. Mesmo constantemente opinamos sobre se esta ou aqueloutra paisaxe é bonita, lea, relaxante, frondosa, exótica, desagradable, etc. Cantas veces á volta dunhas vacacións mostrámoslles aos nosos amigos as fotos dos lugares onde estivemos e lles explicamos o que nelas acontecía? Seguro que arreo!

Rúa do Vilar, Santiago de Compostela



As fotografías que facemos son a nosa visión persoal dos lugares visitados. Lembrámonos deses lugares graves a elas. E, neste sentido, falamos de *paisaxe*.

Pero... saberiamos responder a pregunta **«que é a paisaxe»?** Unha primeira resposta que seguro que se nos vén á cabeza é que paisaxe é aquilo que miramos, o que vemos diante nosa. Pero realmente paisaxe é un concepto moito máis profundo que tentaremos desentrañar nas seguintes páxinas.

Xardíns da Vila Katsura. Kioto, Xapón



O termo paisaxe foi empregado ao longo da historia con diversos significados, o que fixo que evolucionase e enriquecese con novos matices desde a súa aparición. Esta produciuse no Renacemento en Europa. En Asia naceu con anterioridade: en China xurdiu a partir do século V d.C. e de aí trasladouse ao Xapón, onde os xardíns paisaxísticos acadaron un alto grao de elaboración e refinamento antes mesmo de que o termo paisaxe aparecese en Europa.

Nas linguas románicas, familia á que o galego pertence, a palabra paisaxe é unha evolución da voz latina **PAGUS**, tal e como sucede con *paisagem* portuguesa, co *paisaje* castelán, co *paysage* francés, co *paesaggio* italiano, ou co *paisatge* catalán. PAGUS tiña un significado equivalente ás actuais palabras galegas 'campo' ou 'terra'.

Viñas nos socalcos da Ribeira Sacra do Sil



Esta paisaxe da Ribeira Sacra está intensamente transformada polo ser humano, de xeito que a súa aparencia actual é resultado das súas actividades acumuladas ao longo da tempa. A alta de gran pendente foi transformada cos construción de socalcos para o cultivo de vides.

Nas linguas románicas a palabra paisaxe propiamente dita naceu no francés no s. XVI. De acordo cos especialistas, trátase dunha tradución ou imitación do holandés *landschap*, do que tamén deriva o inglés *landscape*.

A pregunta que nos interesa agora responder é clave: **por que se "inventou" o termo nese preciso intre?** Pois porque cumpría referirse a unha nova actividade que estaba aparecendo: a pintura de paisaxes. Desde o Trecento (s. XIV) italiano e a pintura flamenca e holandesa do s. XV foise xerando unha intensa produción de cadros que se catalogaban como *paesaje*, *paesaggio* ou *landschap*, o que conformou un xénero pictórico de seu.

O xénero das paisaxes foi no seu día moi novidoso, pois non existían representacións coma esas na Idade Media. Estas pinturas representaban unha área do territorio, pero sempre desde o punto de vista do pintor.

Vista de Delft (1658-1660), Johannes Vermeer



BY NC SA

PARTE 1
BLOQUE 1

A DESCUBERTA DA PAISAXE

A ría de Vigo vista desde Trasmiro



Todos os sentidos axúdannos a percibir a paisaxe. Os ulidos, os sons, o tacto pero sobre todo a vista. Estímase que o ser humano percibe a través da vista case o 90% das impresións que o rodean. De aí que sexan os elementos visuais os máis importantes para observar, representar e reflexionar sobre a paisaxe. O mellor é facelo sobre o terreo, visitando o lugar directamente, pero se iso non é posible entón as fotografías poden ser un bo medio para traballar. Pero non debemos esquecer que ás veces son os ulidos, os sons, as sensacións táctiles e incluso os sabores os que nos deixan unha fonda pegada na nosa vivencia dunha paisaxe.

Un **primeiro paso** na comprensión dunha paisaxe é debuxala. O resultado non é importante, o debuxo pode de feito ser un **esquizo**. O debuxo normalmente comeza polas grandes liñas, que non son máis ca límites entre cores, formas, etc. que recoñecemos na paisaxe. Unha vez teñamos esas liñas directrices que nos ofrecen os grandes volumes, centrarémonos en representar os elementos da paisaxe, sobre todo como son, onde están situados e como están relacionados os uns cos outros.





Nesta paisaxe podemos distinguir unha liña horizontal que é a silueta da montaña e que nos indica un relevo montañoso sen picos, como se produce habitualmente en Galicia. Outra liña moi contundente que separa cores e texturas é un cortalumes produto do ser humano, que plantou un piñeiral a man esquerda e deixou a monte baixo a marxe dereita. Nese monte baixo distinguimos unha serie de liñas, perpendiculares ao cortalumes, que separan os ámbitos ocupados pola vexetación dos rochedos nos que non dá medrado a matogueira.





Nesta paisaxe, o horizonte é tamén unha liña marcada, pero afastada. O conxunto está dominado por un casarío situado no medio, rodeado por leiras. As divisións entre elas son nítidas. Ao redor do casarío e as parcelas recoñecibles, dispense unha masa arbórea continua, só interrompida por pequenos calvos e asentamentos diseminados. Todos estes elementos conforman unha aldea, como unidade básica de explotación agrogandeira e forestal.

BY NC SA

PARTE 1
BLOQUE 1

• A PERCEPCIÓN

TODA PAISAXE É UN MUNDO DE...



CORES



ULIDOS



FORMAS



SONS



TEXTURAS

VIDEO 24 H . CATRO PAISAXES, CATRO ESTACIÓNS

• A OBSERVACIÓN

8





Nesta paisaxe podemos distinguir unha liña horizontal que é a silueta da montaña e que nos indica un relevo montañoso sen picos, como se produce habitualmente en Galicia. Outra liña moi contundente que separa cores e texturas é un cortalumes produto do ser humano, que plantou un pinleiral a man esquerda e deixou a monte baixo a marxe dereita. Nese monte baixo distinguimos unha serie de liñas, perpendiculares ao cortalumes, que separan os ámbitos ocupados pola vexetación dos rochedos nos que non dá medrado a matogueira.





Nesta paisaxe, o horizonte é tamén unha liña marcada, pero afastada. O conxunto está dominado por un casarío situado no medio, rodeado por leiras. As divisións entre elas son nítidas. Ao redor do casarío e as parcelas recoñecibles, dispónse unha masa arbórea continua, só interrompida por pequenos calvos e asentamentos diseminados. Todos estes elementos conforman unha aldea, como unidade básica de explotación agrogandeira e forestal.

PARTE 1
BLOQUE 1

• ELEMENTOS DA PAISAXE

Os elementos estruturais son os que xorden da natureza e evolucionan en longos períodos de tempo, moi superiores á historia humana (millleiros ou millóns de anos). Son, entre outros, a estrutura do relevo, os tipos de rocha, a disposición dos ríos, etc.

Estruturais	A	Elementos ABIÓTICOS
Texturais	B	Elementos BIÓTICOS
Texturais	C	Elementos CULTURAIS ou ANTRÓPICOS

ELEMENTOS ESTRUTURAIS

A

Elementos ABIÓTICOS

Son todos aqueles elementos que non son seres vivos. A súa presenza, distribución e configuración poden estar debidas á acción do ser humano.





Relevo	Abas - Corgos - Serras - Canóns - Depresións Vales - Canlís - Illas - Chairas - Praias etc.
Auga	Encoros - Foces - Rías - Enseadas - Lagoas - Ríos Esteiros - Levadas - Fervenzas - Marismas etc.

ELEMENTOS TEXTURAIS

B

Elementos BIÓTICOS

Correspóndense coa vexetación, que pode ser tanto a que medra de forma espontánea como a inducida polo ser humano, excluíndo os campos de cultivo e os prados nos que hai gando.





Aciñeiras /aciñeirais	Monte	
Amieiros /amieirais	Piñeiros /piñeirais*	
Bidueiros /bidueirais	Plantacións forestais*	
Bosques de ribeira	Sobreiras /sobreirais	
Carballos /carballeiras	Toxos /toxeiras	
Castiñeiros /soutos	Uces /uceiras	
Eucaliptos*	Xestas /xesteiras	
Fragas		
Matogueiras	etc.	

C

Elementos
CULTURAIS ou ANTRÓPICOS

Son todos aqueles elementos que non están clasificados en A e B e que necesariamente teñen unha orixe humana ou cultural. A súa clasificación é moi complexa, pero podemos distinguir entre tres grupos.







Urbanos	Bloques	Polígonos	Vilas
	Cidades	Portos	Zonas vellas
	Edificios	Rúas	
	Parques	Urbanizacións	etc.
Agrarios	Agras	Hórreos	Lameiros
	Bacelos	Hortas	Leiras
	Camiños	Invernadoiros	
	Campos	Prados	etc.
Outros	Antas	Castros	Mosteiros
	Pontes	Estradas	Piscifactorías
	Bateas	Liñas de tren	Vertedoiros
	Canteiras	Castelos	etc.

9

* Non hai acordo sobre a clasificación. Tamén pode ser consideradas C

• ELEMENTOS DA PAISAXE

ELEMENTOS ESTRUTURAIS

ABIÓTICOS

RELEVO, ROCHAS, CLIMA, AUGA.



ELEMENTOS TEXTURAIS

BIÓTICOS

VEXETACIÓN, FAUNA.



CULTURAIS ou ANTRÓPICOS

ACTUACIÓNS DO SER HUMANO SOBRE ELEMENTOS ABIÓTICOS E BIÓTICOS.



BY NC SA

- A paisaxe é un todo real e dinámico, con elementos interconectados e enerxias que permiten o seu funcionamento.
- A paisaxe é un sistema onde o todo é mais do que a suma das partes.
- A paisaxe ten un valor social que presenta aspectos económicos, patrimoniais, de identidade, estéticos...
- A paisaxe é indice de calidade de vida

- OBSERVA
- CLASIFICA
- INVESTIGA
- ACTÚA
- EXPLORA



BY NC SA

- SOCIAL
- ESTÉTICO
- IDENTITARIO
- SIMBÓLICO
- PRODUTIVO
- NATURAL
- HISTÓRICO

OS VALORES DA PAISAXE

VALOR SOCIAL



Praza da Ferraría en Pontevedra

VALOR ESTÉTICO



Canóns do Sil desde o miradoir de Cabezoás

VALOR IDENTITARIO



Santiago de Compostela

VALOR SIMBÓLICO



Santo André de Teixido

Os cantís da serra da Capelada desde o miradoir de Herveira



A paisaxe non consiste só nos elementos físicos, senón que tamén ten que ver cos significados e cos valores que as persoas lle atribúen.

Podemos comezar preguntándonos a nós mesmos polos sentimentos e emocións que nos esperta unha paisaxe, na medida en que a paisaxe é a nosa casa. Diante dunha paisaxe xorden emocións positivas e negativas. Que nos gusta -e que non nos gusta- desa paisaxe? Que lembranzas nos evoca? Que sentimentos nos esperta?

Os valores da paisaxe non só responden ao noso sentir persoal, senón aos diferentes significados que adquiren na sociedade. Os valores que pode xurdir inclúen:

- Valores sociais, como encontro, o lecer, o paseo, o repouso, a práctica do deporte, etc. nunha determinada paisaxe.
- Valores estéticos, na medida en que unha paisaxe transmita un sentimento de beleza ou a xente a aprecie ou lle confira un determinado significado.
- Valores identitarios, cando unha sociedade se identifica cunha paisaxe concreta.
- Valores simbólicos, relacionados cunha determinada lenda ou historia fantástica.
- Valores produtivos, como as actividades agrarias, turísticas, mineiras, industriais, etc.
- Valores naturais, como a presenza de determinadas especies e vexetais relevantes.
- Valores históricos, na medida en que unha determinada paisaxe exprese a pegada do ser humano na historia.

Non se pode esquecer que tamén os valores e os significados poideron variar no tempo, de xeito que se puideron perder, ou ben puideron emerxer novos. As diferenzas culturais explican non só diferentes paisaxes, senón modelos culturais á hora de percibir esas paisaxes.

VALOR PRODUTIVO



Viñas na Ribeira

VALOR NATURAL



Praia das Catedrais

VALOR HISTÓRICO



Muralla de Lugo

O VALOR DA PAISAXE CAMBIA CO PASO DO TEMPO



Pendellas de Agalada

BY NC SA







BY NC SA

• AS PAISAXES DE GALICIA



PARTE 1
BLOQUE 2

• O TEMPO DA TERRA
• O TEMPO DA HUMANIDADE

E TI... DE ONDE? VÉS SENDO

Rianxo, Monforte, Vilar, Lama, Carballo, Oseira.... son nomes de lugares de Galicia. Ainda que non o pareza, todos teñen un significado e proceden dunha lingua, ás veces moito máis antiga que o galego como o latín, as linguas xermánicas ou incluso o árabe por difícil que pareza.

Os nomes de lugar son as palabras coas que o ser humano foi identificando e recoñecendo os lugares que habitaba. Forman parte importante do patrimonio cultural dun país porque reflicten a historia dese lugar.

A ciencia que estuda os nomes de lugar é a Toponimia, por iso a estes nomes tamén se lles chama topónimos.

A lei que regula en Galicia os nomes de lugar é a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. O artigo que fai referencia a eles é o 10º, e di:

1.Os topónimos terán como única forma oficial a galega.

2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos concellos, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.

3. Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas.

En Galicia hai máis de trinta mil nomes de lugar, os cales poden consultarse en:

www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator
http://sli.uvigo.es/toponimia

Estas fontes recollen os macrotopónimos. Así e todo, temos millóns de microtopónimos espallados, para cada un dos lugares do noso territorio.

Unha maneira de organizar e de coñecer a orixe dos topónimos é investigar sobre o seu significado. Deste xeito podemos clasificalos en:

- Os que se refiren á auga (Hidrotopónimos): A Lagoa, Esteiro, Pozacas, Fontiñas, etc.
- Os que fan referencia a vías de comunicación (Odontopónimos): A Estrada, A Ponte, O Porto, A Paradela, etc.
- Os relacionados cos montes, serras ou sistemas montañosos (Orotopónimos): Valdeorras, Malpica, Montouto, Penamá, etc.
- Os que collen o seu nome das plantas ou árbores (Fitotopónimos): Carballo, Souto, Filgueira, Oliveiros, etc.



- Os que veñen do nome dalgún animal (Zootopónimos): Oseira, Leboreiro, Aguiar, Niñodaguia, etc.
- Os referidos a pedras ou formacións rochosas (Litotopónimos): Pedrafita, Paradanta, Penedo, Laxe, etc.
- Os procedentes do nome dunha persoa (Epónimos): Aldemunde, Baamonde, Bertamiráns, Proente, etc.
- Os que derivan de nomes de santos (Hagiotopónimos): San Cibrao, San Fins, San Sadurniño, Santalla, etc.
- Os que se refiren a asentamentos e construcións humanas: As Torres, Castro, Pazos, Muxía, etc.
- Os ligados a actividades humanas: A Pastoriza, A Baiuca, A Merca, Leiloio, etc.
- Os procedentes de núcleos de poboación: Vilanova, Vilar, Casal, Vilar de Sobremonte, etc.

Estes tres últimos tamén se chaman Antrotopónimos.



Como curiosidade, podedes saber que os tautopónimos son os nomes de lugar nos que se repite o accidente xeográfico que designa ou, en xeral, calquer outra repetición. Por exemplo, e o caso do Barco de Valdeorras (Barco= val) ou Malpica (Mal = alto, Pic = alto)

O sufixo -eiro, -eira nos nomes de lugar refírese ao lugar onde vivían ou había gran cantidade de algo. Así, Oseira foi o lugar onde había moitos osos e Carballeira fai referencia á presenza de moitos carballos.

Hai ducias de nomes curiosos por todo o noso territorio, coma O Mexadeiro en Ortigueira ou a Illa dos Cagallóns en Cabana de Bergantiños.

CC BY NC SA

PARTE 1
BLOQUE 2

• O TEMPO DA HUMANIDADE
A TOPONIMIA

WEB NOMENCLATOR XUNTA: http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator





BY NC SA



Por unha cultura da paisaxe











Unha nova mirada

GRAZAS

Agradecementos:
D. Manuel Borobio Sanchiz e a o Dr. D. Augusto Pérez Alberti



© Leandro